

Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	09	Data	30/01/2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Victoriano Tomé Castro ▪ Isidoro Dios Rodiño ▪ José Manuel Míguez Santos ▪ José Manuel del Valle Couto ▪ Gumersindo Couso Boullosa ▪ José Jorge Alvariñas Villaverde ▪ Vicente Cortizo Blanco ▪ María Jesús Brañas Porto ▪ Juan Carlos Garrido Álvarez ▪ Javier Tomé Castro ▪ Juan Luís López Dasilva 						

Temas tratados

1. Lectura e aprobación, se procede, das acta da sesións anteriores.

Envíase por correo electrónico o borrador da acta número 8, se modifica o apartado 5, se redacta coas modificacións e apróbase por unanimidade.

2. Seguimento das programacións.

Pregúntase os profesores se están cumprindo a programación segundo o programado. Todos os profesores contestan afirmativamente.

3. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

Programas PFFP. Está aberto prazo para solicitar programas PFFP, o prazo de presentación de propostas remata o 8 de febreiro.

Programas internacionais. A coordinadora Mamen Teijido informou na reunión de calidade que para este curso están dispoñibles 8 mobilidades para docentes dun programa K116 xa aprobado. Se hai demanda repartiranse en partes iguais entre as 4 familias profesionais. Farase unha convocatoria pública e valorarase as persoas aspirantes segundo o baremo oficial da Consellería. A estas modalidades poden acceder docentes con interinidade, mais non substitutos, e desenvolveríanse ata o día 2 de setembro.



Instalacións, equipos e ferramenta.

Se levaron a cabo varias reparacións nos equipos informáticos, quedando pendentes a configuración das impresoras da aula HM1. A impresora do laboratorio ten o cabezal danado, é máis barato comprar unha nova que reparala, acórdase comprar unha impresora para o laboratorio. Os ordenadores da aula HM2 polas súas características non poden ir mellor.

Respecto os cartuchos de tinta se tiraron varios por falta se uso (caducaron). Para evitar isto a partir de agora os cartuchos de color se comprarán cando o nivel de tinta esté próximo a terminarse, se roga o profesorado que esté pendente desta circunstancia e avise a responsable María Luz Lorenzo.

Na aula HM2 seguen aparecendo mobiliario e ordenadores con danos, hai varios mesados co canto de pvc levantado. Se propón que cada profesor faga un control mediante fichas dos ordenadores que usa cada alumno e se revisen os equipos a entrada e saída das clases.

Se detectou que falta algunha ferramenta manual. Se roga un maior control sobre a ferramenta dos talleres. A este respecto José Manuel Míguez solicita que o profesorado leve un maior control dos espazos e da ferramenta do taller 01, que se preocupe deixar o material e toda a ferramenta recollida andes de abandonar as instalacións.

O almacén do departamento está cheo de caixas e non hai acceso ao material, se solicita o profesorado que retire o material depositado no almacén.

Silo do taller 02. Solicitado pola dirección do centro volveuse a entregar o presuposto do sistema de aspiración da casa comercial Felder.

Probos de recuperación.

O xefe de departamento recorda as seguintes cuestións:

- Os alumnos con perda de dereito avaliación continua teñen dereito a unha proba de recuperación previa as FCTS.
- Os alumnos teñen dereito a un exame de recuperación previo as FCTS.

4. Oferta educativa e necesidades de persoal para o curso 2019-20.

A xefa de estudos solicitou a este departamento un informe onde queden reflectidas as necesidades de persoal para o curso 2019-20, as reducións horarias e os ciclos que se queren solicitar. Acórdase por unanimidade transmitir a xefatura de estudos o documento *Anexo_01_Solicitud_de_ciclos_curso_2019-20*.

5. Promoción da oferta educativa

Na última reunión de departamento acordouse asistir a Edugal, se pide a colaboración de todo o profesorado para que o responsable deste acordo poda xestionar esta iniciativa. Isidoro Dios comenta que está disposto a ir cos alumnos e facer unha demostración práctica.

Isidoro Dios comenta que a dirección do centro debe implicarse na promoción dos ciclos formativos, por exemplo xestionando visitas dos institutos as instalación de madeira. O Xefe de





departamento comenta que hai previstas para este mes varias visitas de alumnos da ESO de diferentes centros.

6. Traballos para o centro

Hai unha solicitude para realizar un mesado para servizos a comunidade. José Manuel Del Valle ofrécese para realizar este traballo.

O xefe de departamento solicita que se lle transmita a relación de traballos que se van a realizar de aquí a fin de curso para o centro. A relación é a seguinte:

- Isidoro Dios xunto con profesores de mecánica ten previsto realizar o valado da entrada o centro.
- José Manuel Del Valle Couto ten previsto realizar varios mesados para aulas do departamento de Servizos a Comunidade
- José Jorge Alvariñas Villaverde ten previsto realizar o recubrimento con madeira da bancada que está fronte a entrada os talleres de mecánica.

7. Compras

O encargado de compras Victoriano Tomé fai un análise das compras realizadas durante o ano 2019, balance ingresos-gastos. Mostra varias táboas con datos referentes os gastos realizados durante o ano 2019 e contesta as diferentes dúbidas.

Recorda que cando o profesorado compre algo, informe previamente o encargado de compras e presente posteriormente o albará perfectamente valorado e detallado especificando que a compra é realizada polo departamento de madeira. Recorda así mesmo que as compras de elevado importe deben ser tratadas no departamento.

José Manuel Del Valle toma a palabra e solicita acondicionar a oficina do taller 02 como práctica cos alumnos. A tarefa consiste en revestir as paredes e o chan. Adicionalmente Manolo Míguez realizaría a fabricación do mobiliario cos alumnos. O orzamento aproximado é de 1500 euros. Acórdase comprar o material necesario para acondicionar a oficina do taller 02.

Victoriano Tomé e José Jorge Alvariñas foron a ver madeira de nogueira estivada no porto de Marín. O prezo da madeira é de 400 euros m³ a madeira de 4 cm de grosor e 800 euros m³ a madeira de 11 cm de grosor. Aínda que o prezo é moi competitivo descartase comprala porque o provedor vende a madeira en paquetes grandes.

8. Seguimento dos acordos adoptados e dos obxectivos do departamento.

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.





9. Rolda de intervencións.

Javier Tomé informa que na aula de tapizado as condicións ambientais de temperatura non son as adecuadas para dar as clases, fai demasiado frío. O xefe de departamento comenta que esta circunstancia foi transmitida o secretario varias veces. A secretaria do centro transmitiu que estaba prevista unha solución para o ano que ven mediante a instalación dunha estufa común a cafeteira e a aula de tapizado.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

Acordos

- Acórdase comprar unha impresora para o laboratorio. Responsable: Encargado de compras.
- Acórdase transmitir a xefatura de estudos o documento *Anexo_01. Solicitud de ciclos curso 2019-20*. Responsable: O Xefe de departamento.
- Acórdase comprar o material necesario para acondicionar a oficina do taller 02. Responsable: Encargado de compras.

Anexos

- *Anexo_01_Solicitud_de_ciclos_curso_2019-20*

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro

